

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Relación provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de dúas prazas de oficial de policía local (promoción interna)

ANUNCIO

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS – OFICIAL DE POLICÍA LOCAL (PROMOCIÓN INTERNA)

Por resolución de alcaldía de data 20/02/2025 aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ó proceso selectivo para a cobertura en propiedade de dúas prazas de oficial de policía local (funcionario/a de carreira) por promoción interna correspondente ás Ofertas de Emprego Público do Concello de Boiro de 2023 e 2024.

“EXPEDIENTE: 5702/2024

ASUNTO: RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO OFICIAL POLICÍA LOCAL (PROMOCIÓN INTERNA)

Por resolución de alcaldía de data 30/12/2024 aprobáronse as bases e a convocatoria para a cobertura en propiedade de dúas prazas de oficial de policía local (funcionario/a de carreira) por promoción interna correspondente ás Ofertas de Emprego Público do Concello de Boiro de 2023 e 2024.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 08 de data 08 de xaneiro de 2025, no Diario Oficial de Galicia número 10 de 16 de xaneiro de 2025 e no Boletín Oficial do Estado número 19 de 22 de xaneiro de 2025, así como na páxina web do concello www.boiro.gal e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

O 19 de xaneiro de 2025 rematou o prazo para a presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 04 solicitudes.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobados os requisitos esixidos nas bases desta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Considerando as competencias atribuídas ó Alcalde polos artigos 21.1.g. e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar **provisionalmente admitidas** no concurso-oposición convocado por resolución de alcaldía de data 30/12/2024, que rexe o procedemento do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de dúas prazas de oficial de policía local (funcionario de carreira) por promoción interna correspondentes ás ofertas de emprego público do Concello de Boiro de 2023 e 2024, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

NIF	Nome
**707W	FRANCISCO JOSÉ ALCALDE LAÍÑO
**799Q	RAMÓN RAÚL FRIEIRO ROMERO

Segundo.- Declarar **provisionalmente excluídas** no concurso-oposición convocado por resolución de alcaldía de data 30/12/2024, que rexe o procedemento do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de dúas prazas de oficial de policía local (funcionario de carreira) por promoción interna correspondentes ás ofertas de emprego público do Concello de Boiro de 2023 e 2024, ás seguintes persoas aspirantes **polos seguintes motivos de exclusión:**

NIF	Nome	Motivo de exclusión
**110R	JOSE RAMON PÉREZ REBOLLIDO	Non cumpre o requisito 3 H das bases - Non se encontra en servizo activo no Concello de Boiro
**126J	ALBERTO RAPOSO AMIGO	Non cumpre o requisito 3 H das bases - Non se encontra en servizo activo no Concello de Boiro

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal, a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas **un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.**

Disporán igualmente dun prazo de 10 días a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio ás persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na lista publicada.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, 20 de febreiro de 2025

O alcalde, José Ramón Romero García

2025/1224